

BASES DO CONCURSO FOTOGRÁFICO sobre Ría de Muros e Noia.

Organiza: Asociación Cultural e Recreativa Ponte Vella de Abelleira, Muros.

BASE 1ª: OBXECTO.

A A.C.R. Ponte Vella de Abelleira, Muros, convoca un concurso de fotografía baixo o título “A ría de Muros e Noia” para premiar a mellor fotografía relacionada coa nosa ría.

A participación no presente concurso presupón:

A aceptación íntegra de tódalas cláusulas contidas nestas bases.

A autorización, por parte do autor e protagonistas da foto, para publicar as fotografías na páxina web de Abelleira.info, indicando nome e apelidos do autor, lugar de residencia, título da fotografía e a súa descrición

A autorización á A.C.R. Ponte Vella para dispor das fotografías concursantes e reproducilas e amplialas ao obxecto de realizar unha exposición por un tempo determinado nun lugar a determinar si se considerase oportuno.

BASE 2ª: DURACIÓN E ÁMBITO.

Entrarán en concurso as fotografías recibidas dende o 1 de Abril de 2011 ata o 15 de Xuño de 2011, ambos inclusive.

O concurso referirase a fotografías sobre a Ría de Muros e Noia, con temática libre, pero cun contido propio relacionado coa comarca da ría. Dende aspectos mariñeiros, paisaxísticos, etnográficos, de natureza, históricos, tradicionais, culturais, etc. A A.C.R. Ponte Vella resérvase o dereito a suspender, aprazar ou cancelar o concurso en calquera momento anterior á súa finalización, sempre que existan causas que así o xustifiquen. Así mesmo, a A.C.R. Ponte Vella resérvase o dereito de evitar que, sobre este concurso se establezan sistemas de especulación ou de negocios. A tal fin, poderá exercitar as accións legais que estime oportunas.

BASE 3ª: MECÁNICA DO CONCURSO.

3.1.- Xeito de participación:

Os interesados en participar deberán remitir DÚAS FOTOS orixinais en formato CD e por correo certificado á seguinte dirección postal:

Asociación Cultural e Recreativa Ponte Vella

R/ Sorribos s/n 15290 Abelleira Muros A Coruña

Acompañando ás fotografía recompilar os seguintes datos, que irán nun sobre pechado:

Nome e apelidos do autor da fotografía, domicilio, NIF, teléfono e enderezo de correo electrónico.

Se o autor fose menor de idade, deberá indicar o nome e apelidos dos proxenitores, ou no seu caso titor ou titora. De igual modo, se nalgunha das fotografías aparecera algún menor de idade, deberá presentar autorización dos pais do menor, asumindo en todo caso, calquera responsabilidade que puidera derivarse da participación do menor no concurso. Só entrarán en concurso as fotografías que conteñan os datos citados anteriormente e que así mesmo cumpran os requisitos do seguinte apartado 3.2.

3.2- Requisitos que deben cumprir as fotografías.

1. As fotografías poderán ser en cor ou en branco e negro.
2. As fotografías deben ser orixinais, non editadas con ordenador, e nunca publicadas e premiadas con anterioridade.
3. Os concursantes deberán dar título ás fotos, ademais dunha pequena descrición.
4. As fotografías deberán presentarse nun formato JPEG dun máximo de 5 megabytes, cunha resolución mínima de 72 ppp e unha máxima de 300 ppp; o tamaño non debe superar 3543 x 2835 (30 x 24 cm. a 300 ppp).
5. Quedarán fóra de concurso todas aquelas fotografías que puidesen atentar contra o bo gusto ou non cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases.

3.3- Límites e autorizacións.

1. Cada autor só poderá enviar dúas fotografías.
2. Non poderán participar no concurso membros da Directiva da A.C.R. Ponte Vella.

3.4- Xurado, selección dos gañadores e verificación.

1. Composición do Xurado: Estará composto por un membro da Directiva da A.C.R. Ponte Vella e por dous profesionais de recoñecido prestixio no ámbito da fotografía designadas pola Directiva da A.C.R. Ponte Vella.

2. Selección de gañador e Verificación: O Xurado seleccionará, con criterios de orixinalidade, factura técnica e relación co epígrafe do concurso a fotografía gañadora.

3.5.- Publicidade dos premiados e entrega de premios.

A A.C.R. Ponte Vella dará a coñecer o gañador na súa páxina WEB (<http://www.abelleira.info/wp>) os primeiros días de Xullo de 2011. a A.C.R. Ponte Vella notificará ao gañador o día e hora de entrega do premio mediante correo electrónico, remitido á dirección facilitada polo autor da fotografía ou mediante chamada telefónica. Se o premiado fose menor de idade ou estivese incapacitado, será necesario o consentimento dos seus pais ou titores para a aceptación do premio.

BASE 4ª: DESCRICIÓN DO PREMIO.

O gañador recibirá un premio consistente en 200 € en material fotográfico a adquirir en Foto Domi en Muros.

BASE 5ª: CESIÓN DE DEREITOS.

A participación no concurso presupón a cesión gratuíta a favor da A.C.R.Ponte Vella, así como a cesión dos dereitos de imaxe das persoas fotografadas; dereitos dos que fará uso a A.C.R.Ponte Vella conforme á normativa vixente na materia.

BASE 6ª: REPERCUSIÓN FISCAL.

Os premios non están suxeitos a retención ou ingreso a conta, xa que de conformidade co IRPF aprobado por Real Decreto 214/1999, segundo redacción dada polo R.D. 27/2003, de 10 de Xaneiro, aplicable dende 1-1-2003 /art. 70.3g), están exentos de retención os premios cuxa base de retención non exceda de 300 €, tendo en conta que tratándose de premios en especie, o valor de mercado (resultado de incrementar o valor de adquisición ou custe para o pagador nun 20%), non poderá exceder de 300 €.